



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN

O 22/11/2022 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no anexo I da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adxudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 22/11/2022.

SEGUNDO.- A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada no correspondente acordo de substitución.

Para a formalización desta incorporación expedirase dilixencia de constancia asinada polo/a superior funcional e pola persoa adxudicataria, dilixencia que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Xustiza por correo electrónico (servicio.persoal.xustiza@xunta.gal) nesa mesma data.

A renuncia á substitución adxudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

TERCEIRO.- O posto de traballo deberá ser ocupado de xeito efectivo, salvo causa xustificada, pola persoa adxudicataria da substitución, mesmo con interrupción, de ser o caso, do desfrute de vacacións, licenzas ou permisos, que en todo caso terán que ser informados polo órgano de destino e autorizados pola correspondente xefatura territorial de acordo coas necesidades do servizo.

CUARTO.- Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adxudicatarias, sendo comunicados a súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).





ANEXO I

| | | | |
|---|--|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. 1ª Instancia n. 5 A Coruña | | |
| Motivo da desocupación: | Excedencia | Corpo: | CXPA |
| Adxudicatario/a: | Deserta | | |

| | | | |
|---|--------------------------------------|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. Instrución n. 2 A Coruña | | |
| Motivo da desocupación: | Comisión de servizos | Corpo: | CXPA |
| Adxudicatario/a: | Tatiana Maseda Rodríguez | | |
| Localidade de destino: | A Coruña | Corpo: | CTPA |
| Data: | 01/12/2022 | | |

| | | | |
|---|---------------------------------------|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. 1ª Instancia n. 2 Ourense | | |
| Motivo da desocupación: | Comisión de servizos | Corpo: | CXPA |
| Adxudicatario/a: | María Reyes Formoso Pateiro | | |
| Localidade de destino: | Ourense | Corpo: | CTPA |
| Data: | 01/12/2022 | | |

